

AVOGACÍA COMPOSTELÁ

ANIVERSARIO
175
AVOGACÍA COMPOSTELÁ
1844-2019

Nº 19 Outono 2019
Revista dixital



Ilustre Colexio de Avogados
de Santiago de Compostela

**Antonio López,
reitor da Universidade de
Santiago de Compostela
Colexiado non exercente
do ICA Santiago**

**“A Escola de Práctica
Xurídica é unha fórmula
de colaboración
moi exitosa entre
Universidade e Colexio
de Avogados”**



REUNIÓN DE TRABALLO COA POLICÍA



A xunta de
goberno
do colexio
estivo coa
Policía
Nacional e a
Policía Local
de Santiago

ANIVERSARIO
175
AVOGACÍA COMPOSTELÁ
1844-2019

NOVAS DA AVOGACÍA

Titórias no Colexio de Avogados de Santiago:
Lexnet, taxación de custas e quenda de oficio.
Nova base de datos de Aranzadi na web do
colexio

VIDA COLEXIAL

A formación continua, unha prioridade
para o Colexio de Avogados con numerosos
cursos e xornadas de especialización para os
colexiados



ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

 **Servizos Colexiados**

 **Acceso Libre**



Circulares

Todas as novidades de ICA Santiago para os colexiados. Circulares informativas, notas informativas, nomenclatura, etc.

LexNET

LexNet - Servizos Telemáticos

Lexnet, Servizos Radiografía, Reclamacións tráfico (Slop-Lex)

SIGA

SIGA

Programa de Xestión Colexial



Oficina Virtual

Seguro PC, formularios e rexistros de cursos, carta de suxeccións



Quenda de Oficio

AVXNet, Sistema de notificación electrónica. Baremos de compensación económica, normativa, lista de gaudas, formularios



Bases de Datos - Biblioteca Online

Biblioteca Online. Bases de datos (Tirant, La Ley, Cersog)



Taxación de custas

Cálculo de honorarios en taxación de custas. Calculadora escala tipo



Ferramentas - Calculadoras

Calculadoras: custas, taxas, xuros judiciais, cláusulas chanc, indemnización por despedimento, embargo de salario, etc.



Sede Electrónica Xudicial

Espazo no que a Administración de Xustiza en Galicia, cidadáns e profesionais se relacionan no marco da actividade xudicial.



Guía Colexial - Revista

Guía colexial, Revista ICA Santiago "Avogadía Compostela". Consulta todos os números da nosa revista colexial.



Servizo de Asesoramento Lingüístico

Espazo de formación, apoio e actualización continuada en materia de lingua para todos os colexiados e persoas relacionadas coa avogadía.



Taboleiro de Anuncios

Consulta o taboleiro de anuncios online de ICA Santiago para estar ao día de novidades e avisos do Colexio.



Outros Servizos

Outros servizos colexiais: acceso a conta de correo electrónico e sinatura electrónica.




Mediación

Servizo de mediación ICAS: normativa colexial e estatal, formularios, rexistro de mediadores, etc.

Páxina web do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela

ACCESOS DESTACADOS



CONTACTA CON NÓS



Enderezo:

Rue Eduardo Pondal, 4
15702 Santiago de Compostela

Teléfono:

981 581 713

Fax:

981 581 132

Email:

contacta con nós >

Horario:

Atención ao público: luns a venres, de 09:00 a 14:00

COLABORADORES





Avogacía Compostelá

Dirección

Xunta de goberno



Secretaría técnica

Manuel Anzo Golón



Asesoramento lingüístico

Martín Ramos Insua



Contidos

**Pablo G. Quintas
(Lupa Comunicación)**



Maquetación

José S. Vilariño Vázquez



1844 - 2019

Sumario



Editorial 4

Actualidade 5

O Colexio de Avogados de Santiago presenta os actos do seu 175 aniversario e comprométese a “seguir coa defensa dos intereses da cidade” 5

Entrevista..... 7

“A Escola de Práctica Xurídica de Compostela é unha fórmula de longa traxectoria de colaboración entre Universidade e Colexio de Avogados que se revelou como moi exitosa” 7

Colaboración..... 11

O novo prazo de prescrición da responsabilidade patrimonial da Administración por anulación de licenzas..... 11

Novas da avogacía..... 13

Titorías no Colexio de Avogados de Santiago:

LEXNET, taxación de custas e quenda de oficio 13

Oficina de atención a vítimas de Santiago de Compostela 13

Nova base de datos de Aranzadi na web do colexio 14

Día da Xustiza Gratuíta 15

Vida colexial 16

Festividade de San Raimundo de Peñafort 16

Dedicación e nomenclatura das novas salas de xuntas 18

Conferencia do Fiscal do Tribunal Supremo Javier Zaragoza 18

A Avogacía de Santiago manifesta o seu compromiso “coa igualdade efectiva entre mulleres e homes” 19

A Escola de Práctica Xurídica despide a sexta promoción do Máster en Avogacía..... 19

Reunións coa Policía Nacional e coa Policía Local ... 20

Convenio coa Deputación da Coruña e a USC..... 20

Xornada xustiza e lingua 21

Prazo que teñen os avogados para instar unha xura de contas ou conta de avogado..... 21

Formación: Cursos e Xornadas 22

Reunión de coordinación coa Xunta pola xustiza gratuíta 22

O Colexio celebrou os seus primeiros ‘Diálogos da Avogacía Española’ 23

O Colexio nas redes 23

Ao pé da letra..... 24

A normalización lingüística na Administración de Xustiza: un avance pendente..... 24

O Colexio nos medios..... 27

Co patrocinio de:



**XUNTA
DE GALICIA**

Depósito legal: C-3778-2007

Deseño: LUPA Comunicación

O Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela non se fai responsable das opinións expresadas polos seus colaboradores.



Francisco
Rabuñal Mosquera
Decano do Ilustre Colexio
de Avogados de Santiago

Estimadas compañeiras, / Estimados compañeiros,

A portada da revista dedicámola ao reitor da Universidade de Santiago de Compostela, un dos nosos colexiados, o que confirma unha constante entre os membros do noso colectivo e a relevante participación nas institucións da cidade, e a quen habemos de agradecer, especialmente, o seu apoio e sensibilidade á Escola de Práctica Xurídica, símbolo da necesaria cooperación entre Universidade e Colexio de Avogados.

Este ano, o noso Colexio cumpre 175 anos, constituíndose como unha das institucións máis antigas da cidade. Desde a súa creación por apenas unha vintena de avogados, ata os actuais case 1500, o colexio pasou por moitas vicisitudes, pero sempre tivo como obxectivos o servizo aos colexiados e á cidadanía, como garante e referente na defensa dos dereitos e liberdades; o que motivou que a presentación dos actos do 175 aniversario se realizase ante a sociedade civil, que respondeu maioritariamente á devandita convocatoria, como se recolle neste número da revista.

Contamos neste número cunha nova colaboración do noso compañeiro Paulo López Porto, que unha vez máis expón con precisión a nova xurisprudencia do Tribunal Supremo en canto á prescrición da responsabilidade da Administración por anulación de licenzas urbanísticas.

Quixemos tamén traer á revista a pequena homenaxe que lles rendemos aos anteriores decanos Evaristo Nogueira Romero, Javier Álvarez-Santullano Pino e Evaristo Nogueira Pol, mediante a cal os seus nomes pasaron a designar os novos despachos acondicionados no Colexio e que están ao servizo de todos os colexiados e colexiadas.

O noso firme apoio á igualdade, á formación continuada ou ao uso da lingua galega na práctica forense ocuparon gran parte da actividade colexial, sen descoidar as reunións de traballo mantidas coas policía Local e Nacional encamiñadas a facilitar o labor de ambos os colectivos.

«Coidar os corpos para salvar as almas» é a elocuente consigna que guía o importante labor de Hermanitas de los Ancianos Desamparados, congregación relixiosa á que lle outorgamos o noso Premio de Dereitos Humanos con ocasión da festividade de San Raimundo de Peñafort. Actos de celebración entre os que tamén destacou a entrega da Medalla de Ouro a tres dos nosos compañeiros, José López Fernández, César Rúa Martínez e Pedro Trepas Silva, unha distinción que non é reflexo do simple mérito de cumprir anos incorporados ao noso Colexio, senón que se trata de recoñecer a súa profesionalidade e dedicación á defensa dos dereitos e liberdades da cidadanía, á fronte de numerosos e importantes procesos xudiciais, cunha traxectoria colexial impecable, que os consolida como un referente da Avogacía Compostelá, formando parte dos colexiados e colexiadas que sumaron prestixio ao noso Colexio durante 175 anos.

A reivindicación de novos órganos xudiciais é unha constante. No primeiro semestre deste ano, unha vez máis, tivemos que unir forzas para reclamar a necesaria creación dun cuarto xulgado do social, que finalmente deu os seus froitos coa posta en marcha deste hai uns días. Pero hai máis necesidades, polo que o traballo da nosa institución continúa, coa certeza de que contamos coa vosa necesaria colaboración. Grazas.

Unha aperta a todos/as,

Francisco Rabuñal Mosquera
Decano

O COLEXIO DE AVOGADOS DE SANTIAGO PRESENTA OS ACTOS DE SEU 175 ANIVERSARIO E COMPROMÉTESE A “SEGUIR COA DEFENSA DOS INTERESES DA CIDADE”

“Nas actas fundacionais, do ano 1844, xa se falaba da necesidade de traballar desde o colexio para que Compostela tivese un maior peso institucional e xudicial”, lembrou o decano, Francisco Rabuñal

O Colexio de Avogados de Santiago celebrou no pazo de Bendaña un acto con representantes políticos, económicos e sociais de Compostela para presentar as actividades que desenvolverá no 175 aniversario da institución, ‘Avogacía Compostelá 1844-2019’.

“Nas actas fundacionais do ano 1844 xa se falaba da necesidade de traballar desde o colexio para que Compostela tivese un maior peso institucional e xudicial”, manifestou na súa intervención no acto o decano da institución, Francisco Rabuñal.

“Seguiremos con ese compromiso, como facemos en todas as reivindicacións de novos órganos xudiciais para a nosa cidade; a avogacía de Santiago estará sempre onde sexa necesario para Compostela, ao servizo dos intereses da capital galega”, engadiu Rabuñal.

O colexio colabora ademais co Concello de Santiago e con outras institucións locais para

o asesoramento en materia de xustiza gratuíta ou desafuzamentos a diferentes colectivos, “un labor que é un compromiso para a avogacía e manteremos”, apuntou o decano.

No acto interviron ademais o alcalde de Santiago, Xosé Sánchez Bugallo; o reitor da USC, Antonio López; o vicepresidente da Cámara de Comercio, José Carballo; o director da Fundación Catedral de Santiago, Daniel Lorenzo, e a historiadora Encarna Otero.

Todos eles faloron da importancia do colexio para o tecido social de Santiago, ademais de lembrar nomes como os de Montero Ríos ou Alfredo Brañas, moi vinculados ao colexio e que deixaron unha fonda pegada na cidade.

Nos próximos meses, o colexio celebrará diferentes actividades conmemorativas do seu 175 aniversario e un acto central o 16 de novembro, o mesmo día de 1844 no que naceu a institución.





Entrevista

Antonio López, reitor da USC

“A Escola de Práctica Xurídica de Compostela é unha fórmula de longa traxectoria de colaboración entre Universidade e Colexio de Avogados que se revelou como moi exitosa”

Catedrático de Dereito Financeiro e natural de Barreiros (Lugo), Antonio López é desde o mes de abril de 2018 reitor da USC. Lembra que “durante a crise económica, a universidade asumiu con responsabilidade o recorte de recursos que se produciu con carácter xeral no sector público”, pero considera que “esta situación que se admitiu como unha solución excepcional non pode manterse por máis tempo”



P: Antes das eleccións, falou de forma reiterada da necesidade de gañar autonomía e de implantar melloras para o persoal da USC. Cales foron os primeiros pasos nestes dous aspectos desde que chegou ao cargo?

R: En relación co persoal, unha das primeiras decisións foi a aplicación de novos criterios para a promoción do profesorado, cuestión que fora central durante toda a campaña electoral. Iso xa se aplicou na convocatoria aprobada

en xullo de 2018. E nos primeiros meses de 2019 tivemos que definir un plan cuadrienal de persoal, tanto docente como de administración e servizos.

No que se refire á autonomía, xa puxemos en marcha novas iniciativas no funcionamento dos órganos e na implicación de colectivos nas tomas de decisións, o que está permitindo acadar amplos consensos e unha base de apoio moi ampla en temas esenciais como orzamentos ou programación plurianual.

P: Pensa que na clase política hai sensibilidade sobre a necesidade de dotar de máis recursos as universidades?

R: A Universidade durante esta crise asumiu con responsabilidade o recorte de recursos que se produciu con carácter xeral no sector público e que afectou tanto ao persoal como

Pregunta: Que balance fai do tempo que leva como reitor?

Resposta: Moi positivo. Moi esixente na dedicación, pero tamén moi gratificante. É unha gran responsabilidade liderar a xestión dunha institución que representa tanto para Galicia como é a USC, pero cada día tamén hai motivos para sentirse afortunado.

P: Os obxectivos seguen sendo os mesmos ou atopouse cunha realidade que obriga a modificalos algo?

R: Non cabe dúbida de que calquera proxecto, calquera plan debe adaptarse á realidade na que debe implantarse. Agora ben, as liñas xerais de actuación que orientaron a nosa candidatura conforman tamén a programación plurianual que, tras a ampla ratificación polo Claustro, debe ser aprobada polo Consello de Goberno e polo Consello Social.



ás infraestruturas. Unha mostra desa responsabilidade foi a recente decisión do Claustro de non incrementar as retribucións de persoal no 0,20 % que habilitaba con carácter opcional a lei de orzamentos para o 2018. Agora ben, esta situación de recortes que se admitiu como unha solución excepcional non pode manterse por máis tempo sen que se produza unha deterioración irreparable na docencia, na investigación e na difusión da cultura e do coñecemento que todos recoñecemos como esenciais na sociedade en que vivimos. Como dicía hai uns días o presidente da CRUE, non podemos aspirar a manter un fórmula 1 co orzamento dun utilitario.

P: Habará cambios no mapa de titulacións?

R: Un dos retos aos que se enfrontan as universidades é manter unha oferta docente de graos, másteres e doutoramento, e mesmo de títulos propios, que se adapte ás demandas do estudantado e, o que é moi importante, ás necesidades da sociedade á que

temos que servir. Iso ten como consecuencia que o mapa de titulacións debe ir adaptándose nesa mesma dirección, tanto na oferta de títulos como no número de prazas ofertadas. Esa adaptación é especialmente necesaria nos estudos máis especializados como son os mestrados.

P: Cal é a relación cos outros campus galegos? Debe incrementarse ou modificarse esta relación?

R: Coas outras universidades que integran o Sistema Universitario Galego compartimos principios e preocupacións traballando xuntos a prol deses obxectivos comúns. Ao mesmo tempo hai que recoñecer que tamén hai unha certa competencia entre nós que fai que en certas cuestións poidamos defender diferentes posicións. En todo caso, a relación é de absoluta colaboración e de máxima lealdade, poñendo sempre por riba esa loita común por unha universidade pública e de calidade e sempre ao servizo do país ao que nos debemos.

P: Que outros pasos debe dar a USC para recuperar o seu liderado tradicional?

R: A pesar das dificultades derivadas destes anos de crise, e grazas ao esforzo xeneroso de todos, a USC foi quen de manterse entre as 500 mellores universidades do mundo, de acordo co ránking de Shanghai, e entre

as 8 mellores de España. E se temos en conta que estas clasificacións están moi determinadas polo tamaño e os recursos, ten moito mérito que sexamos a única das que nos atopamos nesa situación que non se localiza nos grandes núcleos económicos e de poboación (Madrid, Barcelona, Valencia ou País Vasco). En todo caso, temos que esforzarnos por seguir mellorando cada día, e un gran reto pasa

por ser tamén un referente social en temas centrais da sociedade actual como poden ser os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, entre outros.

“A USC foi quen de manterse entre as 500 mellores Universidades do mundo e as oito mellores de España”

P: Falemos da Facultade de Dereito. Que momento atravesamos?

R: Se atendemos a datos obxectivos, poderíamos dicir que a situación é boa. A pesar de existir oferta de estudos de Dereito nas outras universidades, e ser Santiago a que oferta o maior número de prazas, resulta que a nota de corte para acceder aos estudos de Dereito é a máis alta de Galicia, situándose por riba de 9, e rexistrando máis de 600 solicitudes para 170 prazas. Merece a pena salientar tamén que se ofrece este ano por primeira vez o Grao de Criminoloxía, cunha ampla demanda e aceptación.

Agora ben, non podemos caer na autocomplacencia, e un dos grandes retos que temos por diante é asegurar a renovación do persoal docente e investigador que actualmente presenta unha idade media moi alta. Isto resulta esencial para manter a calidade da docencia e tamén os resultados de investigación.

P: Saen mellor ou peor formados os alumnos que cando vostede realizou os estudos?

R: É sempre fácil caer na tentación de pensar que calquera tempo pasado foi mellor. Porén, eu penso que cambiaron moito os recursos e ferramentas dispoñibles e a actividade docente tivo que adaptarse tamén a esa nova realidade, pasando dunha formación centrada en coñecementos, a unha situación actual na que mantendo a importancia dos coñecementos, xorde a necesidade de incidir en competencias e habilidades para mellorar o perfil dos nosos egresados. É moi importante insistir na capacidade dos graduados para actualizar e rexenerar o seu propio coñecemento á vista dos cambios vertixinosos que se producen tamén no Dereito. Aínda que todo este cambio se fixo con escaseza de recursos de todo tipo, penso que vai na boa dirección.

P: En que pode mellorar a Escola de Práctica Xurídica?

R: A Escola de Práctica Xurídica de Compostela é unha fórmula de longa traxectoria de



colaboración entre Universidade e Colexio de Avogados que se revelou como moi exitosa. Poderíamos dicir que o modelo que se

implantou na Lei de acceso á avogacía xeneralizou no esencial o modelo da EPX de Compostela. Eu resaltaría como especial mérito esa colaboración entre Universidade e Colexio. E de cara ao futuro, sempre dentro dese escenario de acordo, cabería indagar sobre novas formas de personificación que puidesen facilitar a súa xestión, máis aló de cuestións específicas que teñen que ver con espazos e outros recursos.

P: É vostede colexiado non exercente do Colexio de Avogados de Santiago. Exerceu algunha vez a avogacía?

R: Efectivamente, eu estou colexiado como non exercente no ICA de Santiago de Compostela pero nunca cheguei a exercer a profesión. A dedicación a tempo completo á Universidade impide a compatibilización con outra actividade profesional como a de avogado, aínda que tiver ocasión de realizar determinadas actuacións puntuais de ditame, asesoramen-

“A xustiza presenta algúns problemas que teñen que ver, en grande medida, coa súa politización”

to, etc. polas vías que permite o artigo 83 da LOU.

P: Preocúpalle a situación da Xustiza en España?

Tanto como cidadán como profesional do Dereito, claro que me preocupa a situación da



Xustiza. Aínda que a Xustiza abarca moitos máis axentes, estou seguro de que se me quere preguntar polo exercicio do poder xudicial, por xulgados e tribunais. Non cabe dúbida de que é unha peza esencial dun Estado de Dereito como o noso, e neste momento presenta algúns problemas que teñen que ver, en grande medida, coa súa politización: tanto pola tentativa de resolver en sede xudicial cuestións que precisan dunha solución política, como pola excesiva intervención dos partidos na conformación de órganos de goberno e mesmo de certos tribunais. Iso, ademais doutros problemas máis relacionados con cuestións operativas e de funcionamento.

P: Pensa que ten solución?

R: Por suposto que ten solución; aínda que non é fácil, xa que require da aplicación de criterios éticos e de transparencia en certos comportamentos, pero tamén de revisión de modelos que poden ir desde a repartición actual de competencias sobre xustiza, ata a composición dos órganos de goberno dos xuíces. Sen esquecer tampouco a necesidade de recursos financeiros para adaptar os seus procedementos ás novas realidades.

P: Como lle gustaría ser recordado cando deixe de ser reitor?

R: Como unha persoa honrada e que cumpre os compromisos.

CUESTIONARIO PERSOAL:

- **Campo ou cidade?** Para descansar, campo cerca dunha praia.
- **Un lugar de Galicia:** A Mariña de Lugo, onde nacín.
- **Un libro:** *Patria*.
- **Unha comida:** Encántanme os arroces.
- **E para beber?** Depende do momento. Unha cervexa con amigos é unha maridaxe perfecta.
- **Unha frase:** “A fórmula para fracasar é tratar de compracer a todo o mundo”. Leva comigo 30 anos.
- **Un personaxe histórico:** Nelson Mandela
- **Un sinónimo de Galicia:** A nosa terra
- **Unha película:** *El resplandor*.
- **Unha canción:** *Candle in the win* de Elton John.
- **Un desexo:** Igualdade de oportunidades para todos.
- **Un vicio confesable:** O chocolate.

O NOVO PRAZO DE PRESCRICIÓN DA RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL DA ADMINISTRACIÓN POR ANULACIÓN DE LICENZAS

Ata o de agora (o mes pasado) nunha xurisprudencia case unánime o Tribunal Supremo viña indicando que cando un tribunal anula unha licenza non se podía reclamar mentres non se producise a demolición desta, e iso a pesar de que a sentenza anulatoria da licenza fose ditada con moita anterioridade. Como todos sabemos, a Lei 39/2015 de procedemento administrativo vén establecendo un prazo dun ano para poder reclamar nestes supostos. Esta concepción provocou o nacemento da teoría da *actio nata*, **pola cal a pesar de que un edificio teña unha sentenza de demolición, non se podía reclamar mentres non se demolese o edificio, e en consecuencia ata este momento a acción non comezaba a prescribir.** A xustificación é moi clara: o particular pode terminar sen executar a demolición (por unha legalización posterior, ou pola súa postergación no tempo, pola transacción extraxudicial do asunto que dese lugar á terminación da execución, etc.) pero si cobraría a indemnización, o que suporía, dicía o Alto Tribunal, un enriquecemento inxusto.

STSX Galicia do 20 de xaneiro de 2010, Rec. 4501/2008: Primeiro.- (...) Por tanto non é senón ata o momento no que se procede á demolición no que se concretan os danos e perdas derivados do funcionamento dos servizos públicos xa que ata ese momento non se produciu ningunha repercusión patrimonial na esfera xurídica do titular da licenza anulada.

Ademais a STS do 1 de xuño de 2011, Rec. 777/07, do 31 de maio de 2011 e do 1 de xuño de 2011 entre outras moitas.

Como sabemos, a demolición efectiva dun edificio ou dunha vivenda, unha vez que se dita unha sentenza que acorda a anulación da súa licenza, adoita demorarse unha media de entre 5 a, en moitos casos, 20 anos, á vista das múltiples incidencias procesuais que se adoitan dar no proceso executivo, de que o transcurso do tempo pode dar lugar á legalización do edificio e, por iso, que non exista a obriga de demoler.

Por tanto, os particulares afectados polas múltiples sentenzas de demolición que se ditaron neste país desde hai máis de 30 anos que aínda non demoleron, non puideron reclamar ata que executen aquela demolición, por canto, iniciar antes a reclamación suporía a desestimación desta por falta de dano efectivo no seu patrimonio.

E dicimos que estaban a esperar porque, en tempo de desconto o **Tribunal Supremo dita a súa sentenza número 1174/2018, do 10 de xullo de 2018.** Nela modifícase o criterio anterior e **estabéllese que o inicio do prazo prescriptivo dun ano que teñen os afectados para reclamar, xa non se conta desde a efectiva demolición da edificación, senón desde que se dita a sentenza firme.**

Se o vemos desde o punto do cidadán que ten unha sentenza firme de demolición do seu edificio desde hai 5 anos e que ata agora non puido reclamar, por canto, tiña que esperar a tirar o edificio, **atopámonos con que o Tribunal Supremo está a pechar un prazo que, coa súa anterior xurisprudencia, non nacera,** o que nos leva a preguntarnos: **Cando puido reclamar o cidadán afectado por unha orde de demolición? A resposta segundo o Supremo é que nunca,** o que supón que o Alto Tribunal se infrinxa (dito sexa co máximo dos respectos) como mínimo o principio de Tutela Xudicial efectiva, **para defender, e isto é o mellor, unha administración que concede mal unha licenza en prexuízo dun cidadán, normalmente consumidor.** Miremos por onde o miremos, é unha inxustiza.

Esta xurisprudencia provoca que, máis do 95% dos afectados por sentenzas de demolición neste país, teñan prescrita a posibilidade de reclamar unha xusta indemnización. Pensemos nos múltiples afectados polo fallo (compradores consumidores de boa fe e terceiros rexistrados que compraron sen coñecer nada).

E a colación, miramos para Europa, para que o sentido común impere, e citamos unha sentenza que podería ter moito que dicir ao caso. Trátase dun suposto que non é igual, pero si do que se poden quitar razoamentos para defender a indefensión absoluta na que se deixa aos afectados: **A sentenza do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos do 25 de xaneiro de 2000 (TEDH 2000/11), Asunto Miragall Escolano e outros contra España,** no que se determina a interpretación do artigo 6.1 do Convenio que reconece o dereito a un proceso con todas as garantías. Nela declárase que a data para ter en conta para reclamar unha indemnización por anulación de licenza non pode ser a da sentenza, senón que deberá ser a data na que se comunique esta ao afectado.

Así o establece o fundamento 37 da devandita Sentenza:

“O dereito de acción ou de recurso debe exercerse a partir do momento en que os interesados poden efectivamente coñecer as sentenzas xudiciais que lles impoñen unha carga ou poderían vulnerar os seus dereitos e intereses lexítimos. Se non fose así, os Tribunais poderían, atrasando a notificación das súas sentenzas, acurtar substancialmente os prazos de recurso, **mesmo facer imposible calquera recurso**. A notificación, en canto acto de comunicación entre o órgano xurisdiccional e as partes, serve para dar a coñecer a decisión do Tribunal así como os fundamentos que a motivan, para, dado o caso, permitir ás partes recorrer”.

Por iso, **os Tribunais e a Administración non poden facer imposible o recurso, cousa que ocorre neste caso, cando o Tribunal Supremo declara prescrita unha acción que, segundo a xurisprudencia anterior non podía ser exercitada (ata que non demolese), o que supón que se estea subtraendo ao afectado toda posibi-**

lidade de recorrer contra o Estado, deixándoo na máis absoluta indefensión.

Eu, son pouco dado a criticar a xurisprudencia, por canto un avogado debe ter en conta sempre a que existe para facer o seu traballo, pero á vista da grande inxustiza que supón este cambio xurisprudencial, dito sexa co máximo dos respectos, non podemos permanecer calados, e cremos que esta xurisprudencia ha de ser modificada, por canto aplícala sen ningún tipo de réxime transitorio temporal supón deixar na máis absoluta indefensión a miles de afectados por demolicións de vivendas que, en moitas ocasións supón o seu domicilio.

Terminamos solidarizándonos con todas aquelas persoas que estean a pasar polo calvario da demolición da súa vivenda. Esta sentenza supuxo un importante golpe para todas elas, para que non decaian na súa loita. Recordo que hai poucos días comuniquei esta sentenza a unha clienta afectada e o primeiro que fixo foi botarse a chorar. Chameina onte e seguía chorando.


Paulo López Porto
Colexiado 1937 ICA Santiago

Xa á venda

Presentamos esta nova publicación práctica, sobre unha materia tan complexa como a responsabilidade patrimonial da Administración en urbanismo. A obra está dirixida a funcionarios, técnicos e letrados con competencias na materia e cun perfil totalmente práctico sistematiza e extracta máis de 1000 sentenzas no novo e rápido formato da editorial. Os autores son funcionarios con competencias na materia e avogados con ampla experiencia na defensa administrativa e xurisdiccional de reclamacións de responsabilidade patrimonial. A obra culmínase ademais con formularios para a súa descarga en liña. Unha obra imprescindible.

Faite co teu exemplar na nosa web e benefíciate de que non cobramos gastos de envío.

Xa á venda en: www.iurisutilitas.es



TITORÍAS NO COLEXIO DE AVOGADOS DE SANTIAGO: LEXNET, TAXACIÓN DE CUSTAS E QUENDA DE OFICIO


A Xunta de Goberno, por proposta do secretario técnico, acordou na sesión do pasado 02.10.2018 a programación de titorías específicas para resolver de forma individual as posibles dúbidas sobre Lexnet, honorarios en taxacións de custas e quenda de oficio.

As titorías xa están dispoñibles e prográmanse de forma presencial de luns a xoves, en horario de 19.30 a 20.00 h, na sede principal do Colexio. É necesario concertalas previamente na secretaría do colexio (tfno.: 981 581 713).

Titorías:

1. Lexnet: Carlos Polo (informático)

- Acceso
- Recepción de notificacións
- Envío de escritos
- Outras aplicacións relacionadas (AXGnet, Notific@, Sede Electrónica Xudicial)



2. Honorarios en taxacións de custas: Manuel Arza (secretario técnico)

- Contía do procedemento
- Aplicación da escala tipo
- Dúbidas habituais na elaboración de minutas para as taxacións de custas e aplicación dos distintos criterios

3. Quenda de oficio: Manuel Arza (secretario técnico)

- Dúbidas relacionadas coa xestión do servizo de asistencia a persoas detidas e quenda de oficio
- Declaracións trimestrais: como se declaran os distintos procedementos e as súas contías
- Distintas formas de presentar a solicitude de xustiza gratuíta (arts. 27 e 28)
- Condena ás custas a favor da persoa beneficiaria de xustiza gratuíta, etc.

OFICINA DE ATENCIÓN A VÍTIMAS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza remitiu ao Colexio un oficio no que se pedía dar difusión á recente creación da Oficina de Atención a Víctimas de Santiago de Compostela, dependente desa consellería e situada no edificio dos xulgados de Santiago de Compostela.

Este servizo empezou a prestarse a finais de 2017 e a súa finalidade é prestar asistencia psicolóxica e apoio a todas as vítimas de delitos, especialmente ás mulleres vítimas de violencia de xénero ou de delitos sexuais, durante todas as fases do proceso xudicial, e tamén máis alá, achegando información de recursos sociocomunitarios e derivación a estes de ser o caso.

Dada a importancia de prestarlles ás vítimas a atención individual e especializada que requiren, transmitímosvos esta información co fin de dar a coñecer a existencia desta oficina específica de atención entre todos os colexiados e colexiadas.

Situación: planta 3ª do edificio dos xulgados

Teléfono: 881 997 146

Psicóloga de atención: Susana García Novoa



NOVAS BASES DE DATOS NA WEB DO COLEXIO

Portal de contidos Thomson Reuters de Aranzadi e vLex Premiun na web colexial, de acceso gratuíto para colexiados.

O Colexio, seguindo a liña emprendida de incorporar novos servizos e recursos de interese para os nosos colexiados, contratou coa editora Thomson Reuters de Aranzadi un portal de contidos xurídicos para a páxina web (www.icasantiago.org), que xa está ao dispor de todos os colexiados de forma totalmente gratuíta. O acceso a este novo portal pode facerse dende a sección “Bases de datos / Biblioteca online” > “Base de datos Thomson Reuters – Aranzadi”.

Este novo recurso contén:

- Base de datos de xurisprudencia e lexislación
- Biblioteca dixital (códigos)
- Área de formación, e-Learning (3 cursos gratuítos ao ano para cada colexiado)

THOMSON REUTERS
ARANZADI

Importante

Ao acceder por primeira vez, será necesario rexistrarse creando un usuario a partir dunha conta de correo electrónico persoal e un contrasinal. Desta forma habilitarase un acceso único e individual a todas as funcionalidades do portal, o que permitirá sincronizar os rexistros de cada usuario e gardar o seu historial de sesións (buscas habituais, cursos realizados etc.).

Como rexistrarse

1. Entrar na zona de colexiados da páxina web www.icasantiago.org e validar o usuario introducindo o número de colexiado/a e o DNI (sen puntos nin letra).
2. Dar de alta un usuario no apartado “Alta en servizo” (só necesario a primeira vez), introducindo un correo electrónico particular e os datos requiridos no formulario (nome e apelidos, correo electrónico e teléfono).
3. Crear un perfil de usuario (nome e apelidos, correo electrónico).
4. Configurar o perfil de seguridade.
5. Por último, recibirase na conta de correo facilitada unha mensaxe de benvinda ao portal e **outra na que haberá que confirmar a activación** da conta (picando na opción de activar).

Coa contratación desta nova base de datos, o Colexio pon á disposición de todos os colexiados e de forma totalmente gratuíta un repertorio coas bases de datos xurídicas máis completas e demandadas do mercado: **Tirant Online, La Ley, Biblioteca online de Sepín e Thomson Reuters de Aranzadi.**

vLex Premiun

Esta plataforma tecnolóxica é agora mesmo unha das ferramentas de consulta máis completa dentro do seu ámbito e xa está dispoñible de forma gratuíta para todos os colexiados na sección privada “Bases de datos” da páxina web icasantiago.org.

A base datos ofrece os seguintes contidos:

- Xurisprudencia: máis de 3 millóns de sentenzas, incluídas todas as do Tribunal Supremo, Tribunal Constitucional, Audiencia Nacional, Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e audiencias provinciais de Galicia, así como unha ampla selección do resto de audiencias de toda España.
- Formularios e esquemas: conta con máis 2.300 formularios e 140 esquemas procesuais con interrelación a lexislación, formularios e temas prácticos procesuais.
- Lexislación e normativa: máis de 2.7 millóns de normas (inclúe o DOG completo)
- Doutrina e bibliografía: máis de 15.000 artigos doutrinais e revistas de todas as editoriais xurídicas.
- Doutrina administrativa: máis de 150.000 resolucións, de DXRN, DXT, TEAC, Tribunal de Contas, Consello de Estado, Fiscalía Xeral do Estado, CNMV etc.

- Tradutor xurídico: permite traducir calquera documento dende o castelán aos seguintes idiomas: galego, catalán, inglés, francés, alemán, portugués, ruso, italiano, sueco, árabe, chinés e holandés (cunha marxe de erro inferior ao 10 %).
- Multidispositivo e multiplataforma: permite acceder á información desde calquera dispositivo (tablet, portátil, móbil...) e a través de calquera plataforma (Android, Apple, Windows...) de maneira precisa e clara.
- Buscador intelixente: a través da aplicación Google Xurídico
- Personalización: permite que cada usuario cree e personalice a base de datos, creando carpetas, gardando buscas, engadindo notas ou m arcas aos documentos, creando eventos etc.
- Asistente intelixente Vicent: ao cargar un documento Vicent analizará o contido para filtrar os seus temas principais e citas legais e xerará unha lista de resultados relevantes.
- vLex Analytics: ofrece información estatística para a preparación de asuntos xurídicos. (Só accesible dende os equipos do Colexio, na biblioteca da sede principal ou na oficina das Fontiñas)
- vLex Eunomia: asistente virtual que permite xestionar e planificar procedementos xurídicos dunha maneira práctica, organizada e sen complicacións. (Só accesible dende os equipos do Colexio, na biblioteca da sede principal ou na oficina das Fontiñas)



Acceso e manexo de vLex Premium

A base de datos está dispoñible na zona privada da páxina web do Colexio, dentro da sección “Bases de datos e biblioteca online”. Polo tanto, os colexiados deberán validar o seu usuario na web para acceder a esta sección (introducindo o número de colexiado e o DNI sen puntos nin letra).

No primeiro acceso á base de datos, despregarase unha ventá por se se desexa crear e personalizar a carpeta de usuario (poderase elixir a opción de crear máis tarde). Unha vez dentro da base de datos, aparecerá no menú da esquerda a opción do buscador “Búsqueda avanzada” (Google Xurídico) a partir do que se poderán atopar todos os contidos dispoñibles (xurisprudencia, formularios, doutrina etc.).

DÍA DA XUSTIZA GRATUÍTA

Stand do Colexio de Avogados de Santiago que estivo no Toural polo Día da Xustiza Gratuíta. A vicedecana Carmen González Ferro leu o manifesto en defensa do traballo da quenda de oficio.

O Colexio tramitou no primeiro semestre de 2019 un total de 2.683 expedientes de xustiza gratuíta, case 450 ao mes, unha cifra que no ano 2018 ascendeu a 4.295 e en 2017 a 3.675.

Os avogados adscritos ao colexio e os do conxunto de España celebran o Día da Xustiza Gratuíta, unha xornada de conmemoración que serve ademais para reivindicar a importancia do servizo, que garante a igualdade no acceso á xustiza para todos os cidadáns.

A día de hoxe, 375 profesionais forman parte do servizo de xustiza gratuíta no colexio compostelán, dos que un 56% son mulleres e un 44% homes. Os avogados e avogadas da quenda de oficio reciben de forma continua formación especializada en diferentes temáticas.

Ademais, o servizo está operativo as 24 horas do día e os 365 días do ano para atender a unha po-boación de máis de 270.000 persoas.



FESTIVIDADE DE SAN RAIMUNDO DE PEÑAFORT

O Colexio de Avogados de Santiago celebrou o pasado 22 de febreiro a súa festividade anual, San Raimundo de Peñafort, que nesta ocasión coincidiu co 175 aniversario da institución colexial. “175 anos despois, o colexio ten as mesmas reivindicacións, xa que naquel momento xa se falaba da necesidade de dotar á cidade de novos órganos xudiciais e administrativos”, asegurou na súa intervención Francisco Rabuñal, decano dos avogados composteláns.





Aos actos asistiron o alcalde de Santiago, Martiño Noriega, o reitor da Universidade de Santiago de Compostela (USC), Antonio López, e o director xeral de Xustiza da Xunta de Galicia, Juan José Martín. Tamén estivo o presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG), Miguel Ángel Cadenas, ademais de numerosas autoridades locais e autonómicas dos ámbitos xurídico, político e civil.


A residencia de persoas maiores das Hermanitas da Caridade de San Marcos recibiu o X Premio Dereitos Humanos do colexio, “polo seu labor constante e desinteresado para mellorar a vida das persoas maiores”. Pola súa banda, César Rúa Martínez, Pedro Trepas Silva e José López Fernández recibiron as insignias de Ouro do Colexio de Avogados de Santiago por cumprir corenta anos no exercicio da avogacía.

O programa comezou ás seis da tarde cunha misa na Igrexa de San Paio de Antealtares en recordo dos compañeiros falecidos, para dar paso ao acto solemne no Salón Nobre de Fonseca, ao que asistiron máis de 300 persoas. A xornada pechouse cunha cea de confraternización no Gran Hotel Los Abetos.

DEDICACIÓN E NOMENCLATURA DAS NOVAS SALAS DE XUNTAS

Xa están á disposición dos colexiados e das colexiadas as dúas novas salas de reunións acondicionadas na sede do Colexio de Avogados de Santiago. Os dous despachos, un con capacidade para catro persoas e o outro para dez, poden ser usados no horario habitual de oficina para quedar cos clientes da quenda de oficio ou calquera outra xestión profesional. É recomendable contactar previamente coa secretaría do Colexio para confirmar a dispoñibilidade ou a súa reserva.


A Xunta de Goberno, na sesión do 13.09.2018, tomou o acordo de dedicar estas dúas salas de xuntas do colexio aos anteriores decanos, Evaristo Nogueira (pai e fillo) e Javier Álvarez-Santullano, en recoñecemento ao seu labor no cargo. En consecuencia, os despachos pasarán a denominarse:



Sala 1: Javier Álvarez-Santullano



Sala 2: Evaristo Nogueira (decanos)



CONFERENCIA DO FISCAL DO TRIBUNAL SUPREMO JAVIER ZARAGOZA

O Colexio de Avogados acolleu unha conferencia pronunciada polo fiscal de sala do Tribunal Supremo, Javier Zaragoza Aguado, que está a exercer a acusación pública no xuízo do "Procés". Falou do branqueo de capitais e fixo referencia aos clans da droga galegos dos anos 80, lembrando a operación "Nécora" e o paso do tabaco a substancias como a cocaína por parte destes clans.



A AVOGACÍA DE SANTIAGO MANIFESTA O SEU COMPROMISO “COA IGUALDADE EFECTIVA ENTRE MULLERES E HOMES”

A Avogacía de Santiago uniuse aos actos e ás reivindicacións polo Día Internacional da Muller, manifestando o seu compromiso “coa igualdade efectiva de mulleres e homes e nomeadamente entre as avogadas e os avogados, en prol dunha sociedade máis xusta, libre e igualitaria”.

As avogadas que formaron parte algunha vez da xunta de goberno e as traballadoras do colexio reuníronse na sede da institución para ler unha declaración institucional polo Día Internacional das Mulleres, que ten como lema este ano ‘Pensemos en igualdade, construíamos con intelixencia, innovemos para o cambio’.

En concreto, elaboraron a declaración e participaron na reunión María del Carmen González Ferro; María Jesús Vieito Mayo; Patricia López Arnoso; Beatriz Piñeiro Vidal; María Luisa Pasín Mato; Belén Hospido Lobeiras; Noemí Ucha Sobral; Cristina Cajade Cabral; Ana Villar Fernández; María Gude Sampedro; Inmaculada López Domínguez; Ruth Louro Luaña, e Rebeca Cotelos Ramos.

O texto da declaración lembra que “aínda que na nosa profesión xa temos alcanzado a igualdade numérica entre avogadas e avogados (no ICA de Santiago de Compostela acadamos o 55% de compañeiras) e que somos un dos colectivos profesionais nos que seguramente a igualdade efectiva teña avanzado máis, non é menos certo que aínda debemos percorrer un longo camiño para a igualdade efectiva entre as compañeiras e os compañeiros”.

“Unha enquisa realizada polo Consello Xeral da Avogacía Española no 2018 puña de manifesto que para máis do 57% das avogadas a existencia dun teito de cristal é unha realidade que se evidencia de modo notorio nos grandes bufetes, que 3 de cada 4 avogadas (77%) considera que non ter fillos nin familiares aos que coidar é un aspecto importante para acadar o éxito profesional, ou que a maioría das letradas (63%) están por debaixo da media dos ingresos profesionais fronte o 48% dos avogados”, continúa a declaración.

Por último, as mulleres participantes no acto afirmaron que “o compromiso da Avogacía Compostelá lévanos a querer participar activamente na consecución destes obxectivos para continuar avanzando no camiño da igualdade real, achegando o noso coñecemento e os nosos valores na procura da eliminación dos desequilibrios no acceso e participación das mulleres en todos os ámbitos da sociedade e, nomeadamente, nos que atinxen á nosa profesión”.



A ESCOLA DE PRÁCTICA XURÍDICA DESPIDE A SEXTA PROMOCIÓN DO MÁSTER EN AVOGACÍA



A Escola de Práctica Xurídica de Santiago, dependente da Universidade de Santiago de Compostela e do Colexio de Avogados de Santiago, celebrou un acto institucional para despedir a sexta promoción do Máster Universitario en Avogacía.

Máis de 200 persoas asistiron ao acto, presidido polo reitor da USC, Antonio López; o decano do Colexio de Avogados, Francisco Rabuñal; o decano da Facultade de Dereito, Gumersindo Guinarte; o director xeral de Xustiza, Juan José Martín Álvarez; o fiscal superior de Galicia, Fernando Suánzes Pérez; o presidente do TSXG, Miguel Ángel Cade-



nas; e o director da Escola de Práctica Xurídica (EPX), Lotario Vilaboy Lois.

Durante o acto, fíxose un recoñecemento ao anterior reitor da USC, Juan Viaño, pola súa colaboración coa Escola; unha boa sintonía que se mantén co novo equipo xestor da universidade.

A Escola de Práctica Xurídica de Santiago converteuse nunha referencia en toda España. O 100% dos alumnos do Máster en Avogacía aproban os exames de acceso á profesión.

REUNIÓN COA POLICÍA NACIONAL E COA POLICÍA LOCAL

A xunta de goberno do Colexio de Avogados de Santiago realizou dúas visitas ás instalacións da Policía Nacional e da Policía Local, nas que ademais mantivo reunións de traballo cos seus responsables.

No encontro coa Policía Local, falouse entre outros temas da necesidade de definir un protocolo de actuación nos casos de asistencia ao detido, así como da posibilidade de que os avogados teñan un acceso a través de Internet ás copias dos atestados de accidentes de tráfico.

A reunión transcorreu nun ambiente de gran cordialidade entre dous colectivos que manteñen moi boa relación e colaboran de maneira estreita desde hai anos.

“Tanto a Policía Local como a avogacía temos o obxectivo común de estar ao servizo da cidadanía, reunións como esta son moi útiles para mellorar o noso traballo”, asegurou o decano do Colexio de Avogados de Santiago, Francisco Rabuñal.

Na reunión coa Policía Nacional, falouse entre outros temas da necesidade de que os avogados e avogadas da quenda de oficio teñan un lugar de aparcamento cando deban desprazarse á Policía Nacional para casos de asistencia ao detido. De feito, será así a partir de agora, xa que tanto as forzas de seguridade como o colexio entenden que mellorará e axilizará o traballo.

Por outra parte, falouse tamén no encontro da posibilidade de que os avogados teñan un acceso a través de Internet ás copias dos atestados por detencións. “Tal e como pasou no encontro coa Policía Local, a xuntanza coa Policía Nacional foi moi positiva, entre dúas entidades que temos o obxectivo común de estar ao servizo da cidadanía”, apuntou o decano do Colexio de Avogados de Santiago, Francisco Rabuñal.



CONVENIO COA DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A USC

O decano do Colexio de Avogados de Santiago, Francisco Rabuñal, asinou un convenio co presidente da Deputación da Coruña, Valentín González Formoso, e o reitor da Universidade de Santiago (USC), Antonio López, para a realización das prácticas do Máster en Avogacía nos concellos da provincia.

Os alumnos en prácticas da Escola de Práctica Xurídica da USC están nos departamentos de Urbanismo e realizan diferentes estudos, informes e escritos, así como tamén traballan na xestión de expedientes para coñecer o traballo diario nas institucións locais.

Ao mesmo tempo, este acordo axuda a fortalecer os servizos urbanísticos dos concellos da provincia da Coruña, que precisan da colaboración de titulados en Dereito que realicen labores de asesoramento en diversas materias relativas ao desenvolvemento da súa actividade, procurando así unha mellor atención para os cidadáns.

O convenio ten un contido económico duns 50.000 euros, que serven para financiar as prácticas dos alumnos.



XORNADA XUSTIZA E LINGUA

O Servizo de Asesoramento Lingüístico do Colexio de Avogados de Santiago celebrou a 'XII Xornada Xustiza e Lingua, Reflexións para a Normalización', co obxectivo de promover a reflexión acerca do proceso de normalización lingüística no ámbito da xustiza.

Entre os relatores estiveron o actor e humorista Carlos Blanco; Elvira Casal García, subdirectora xeral de Planificación e Dinamización Lingüística; a maxistrada Sandra Piñeiro Vilas; o decano do colexio, Francisco Rabuñal, e o ex decano, Evaristo Nogueira. "A situación mellorou, pero aínda quedan moitos pasos por diante para que o galego sexa lingua de uso normal na xustiza", asegurou Rabuñal.



PRAZO QUE TEÑEN OS AVOGADOS PARA INSTAR UNHA XURA DE CONTAS OU CONTA DE AVOGADO

Ante as consultas recibidas no Colexio respecto desta cuestión, a secretaría técnica elaborou unha breve nota técnica que presentamos a continuación:

O artigo 35 da Lei de axuízamento civil regula o procedemento da conta de avogado, a través do cal este lles poderá reclamar aos seus clientes os honorarios que lle correspondan. Non obstante, este artigo non determina un prazo para efectuar tal reclamación nin para instar o procedemento en cuestión. Así pois, a este respecto cabería ter presente que o Tribunal Supremo en reiteradas resolucións considera que se trata dun prazo de caducidade, en atención ao artigo 237.1 da LAC sobre "caducidade da instancia":

«Teranse por abandonadas as instancias e recursos en toda clase de preitos se, a pesar do impulso de oficio das actuacións, non se produce ningunha actividade procesual no prazo de dous anos, cando o preito se ache en primeira instancia; e de un, se está en segunda instancia ou pendente de recurso extraordinario por infracción procesual ou de recurso de casación.

Estes prazos contarán desde a última notificación ás partes.»

Polo tanto, haberemos de entender que o prazo para presentar un procedemento de conta de avogado será o seguinte:

- **2 anos** dende que recaia sentenza, cando se trate de honorarios correspondentes á **primeira instancia**.
- **1 ano**, cando se trate de honorarios da **segunda instancia** ou se o preito estivese pendente de recurso de casación.

É importante apuntar que os devanditos prazos, referidos á presentación dunha conta de avogado, non teñen que ver co prazo de prescrición de tres anos previsto para o caso de que os avogados poidan reclamar os honorarios devindicados aos seus clientes pola vía dun procedemento monitorio ou ordinario.

Táboas resumo:

Tipo de reclamación e procedemento	Prazo
Conta de avogado	2 anos (1ª instancia)
	1 ano (apelación)
Outros procedementos (monitorio ou ordinario)	3 anos (prescrición)

Referencias:

- Auto TS, Sala 1ª, do 09.09.2015
- Auto TS, Sala 1ª, do 25.05.2010

FORMACIÓN: CURSOS E XORNADAS

A formación continua dos avogados e avogadas é unha prioridade para o colexio desde hai moitos anos, por iso nos últimos meses do ano 2018 continuaron os cursos, xornadas e seminarios para os colexiados e colexiadas.

Algunhas das xornadas foron a de 'Principais modificacións que atanguen aos despachos de avogados en materia de protección de datos tras a entrada en vigor da nova normativa'; o 'Curso de peritaxe informática e telemática. Análise forense informática'; 'Curso de violencia de xénero'; A ciberseguridade nos despachos de avogados, ou a de 'Avogados especializados en accidentes de circulación e responsabilidade civil (baremo de tráfico)'. Grazas pola vosa asistencia.



REUNIÓN DE COORDINACIÓN COA XUNTA POLA XUSTIZA GRATUÍTA

O decano do Colexio de Avogados de Santiago, Francisco Rabuñal, e o secretario técnico, Manuel Arza, mantiveron este mes de febreiro unha reunión co delegado da Xunta na Coruña, Ovidio Rodeiro, e o director xeral de Xustiza, Juan José Martín, para falar da situación da asistencia xurídica gratuíta.

No 2018, leváronse a cabo en Santiago e nos partidos xudiciais da súa influencia máis de 3.200 actuacións de xustiza gratuíta. O Colexio de Avogados de Santiago xestiona o servizo e, como noutras ocasións, defendeu e reivindicou o traballo dos profesionais da quenda de oficio.



O COLEXIO CELEBROU OS SEUS PRIMEIROS 'DÍALOGOS DA AVOGACÍA COMPOSTELÁ'

O Colexio de Avogados de Santiago celebrou no mes de decembro os primeiros 'Diálogos da Avogacía Compostelá', unha iniciativa de debate posta en marcha coa colaboración do Consello Xeral da Avogacía Española. Nesta ocasión, a xornada levou por título 'Que nos depara o futuro?' e nela falou do impacto das novas tecnoloxías no ámbito xudicial e na vida diaria da cidadanía.

En concreto, os relatores repasaron as consecuencias da revolución tecnolóxica na vida diaria dos avogados e na xustiza en xeral. Como pasa noutros sectores, parte do negocio trasladouse a Internet, polo que é necesaria unha especialización por parte dos profesionais.

María del Carmen González Ferro, vicedecana do Colexio de Avogados de Santiago, moderou os diálogos, nos que interviñeron Elisa Couto, avogada e administradora de Dina Aloxamento; Sebastián Pantoja, director de I+D de Televés, Xosé Manuel Rey Piñeiro, avogado e socio en Datalawyers; Bárbara Román, socia de NoLegalTech; Juan José Varela Ferreiro, membro da comisión de Tecnoloxía do Colexio de Avogados de Santiago; Juan Luís Herme, enxeñeiro informático e perito xudicial, e Antonio Padín, de Emerita Legal.




O COLEXIO NAS REDES

Os perfís en Twitter e Facebook do Colexio de Avogados de Santiago experimentaron no último ano un crecemento do 20%. A comunidade da institución nestas ferramentas de comunicación alcanzou as 2.350 persoas.

Como cada ano, as redes sociais recolleron as actividades desenvolvidas polo colexio, ademais das novas do sector xudicial que poden ser de interese para os colexiados. O perfil en Twitter tiña o pasado 20 de setembro 1.580 seguidores, polos 770 de Facebook.

A través das redes sociais, o Colexio quere dirixirse aos profesionais da avogacía da cidade, ofrecendo información especializada e noticias de interese, e difundindo os servizos e actividades que promove, de forma que aumente a participación.

O uso cada vez máis xeneralizado destas novas canles de comunicación permite achegar a avogacía á cidadanía, mediante a divulgación de información e artigos de interese xeral. Animamos a todos os colexiados e colexiadas a seguirmos e a participar. Grazas!



Anormalización lingüística na Administración de xustiza: un avance pendiente

Cun índice de normalización lingüística por debaixo do 25%, a Administración de xustiza é, xunto con outras institucións estatais (a Axencia Tributaria, a Garda Civil ou a Policía Nacional), unha das administracións onde o uso cotián do galego é menor. Este dato cuantitativo provén dos **informes elaborados no ano 2007** polo Observatorio da Lingua Galega (<https://i.gal/38AUP>). Doce anos despois, e á falta de datos obxectivos máis recentes, observamos que a realidade non mudou demasiado.

Neste panorama case ermo podemos exceptuar **comportamentos illados de traballo en galego** e defensa do seu emprego con naturalidade na Administración de xustiza, principalmente por parte dos e das integrantes da Irmandade Xurídica Galega (<https://i.gal/KLT73>). Este colectivo leva tamén unha ducia de anos recoñecendo e visibilizando o traballo de xuíces, fiscais, letrados, avogados, procuradores e outros profesionais relacionados coa Administración de xustiza que asumiron o compromiso de desenvolver a súa actividade profesional “en galego, con todo o dereito”, como rezaba unha coñecida campaña de 1993.

O camiño percorrido ata hoxe

Logo dos primeiros momentos en que o galego foi lingua oficial e a lexislación lingüística nos permitiu usar o noso idioma nos xulgados e tribunais, desenvolvéronse varias **campañas de concienciación e información sobre dereitos lingüísticos**. Algunhas foron impulsadas pola Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística (*O galego na Administración de xustiza* ou *Os papeis claros en galego, tes dereito*, ambas de 1990) e outras partiron da propia Administración autonómica (*En galego é de xustiza* en 1991 e *En galego con todo o dereito* en 1993)¹.

O Goberno autonómico tamén foi proporcionando paseniramente **recursos** co obxectivo de facilitar o traballo en lingua galega e garantir os dereitos dos cidadáns. Estes primeiros *avances* centráronse en **accións formativas**, a través de cursos de lingua e de linguaxes de especialidade, e no **ámbito da corrección lingüística e a tradución**, coa creación de servizos lingüísticos para auxiliar a Administración de xustiza². Así mesmo, máis

adiante leváronse a cabo **outras accións**, como a **elaboración de recursos terminolóxicos**, entre os que destacan o *Dicionario xurídico galego* e os numerosos vocabularios especializados publicados polos servizos de normalización lingüística das universidades de Santiago de Compostela³ e da Coruña⁴, ou a **provisión e compilación de textos legislativos no noso idioma**, primeiro en papel e logo en formato electrónico. Neste grupo, cómpre salientar o recente portal Lex.gal (<https://www.lex.gal>), que nos permite consultar lexislación galega consolidada. Botamos en falta, porén, unha ferramenta semellante para a lexislación estatal traducida ao galego, que podemos consultar no BOE pero non en versión consolidada⁵.

Non debemos esquecer que tamén houbo **intentos de galeguizar os programas informáticos de tramitación procesual**, labor que infelizmente non deu froito a longo prazo. O programa que dispuxo de máis documentos en galego foi **Libra** no ano 2003, mais axiña foi substituído por **Minerva**; e a actual variante deste, **Minerva NOX** (nova oficina xudicial), carece de documentos en galego. Tampouco permite o traballo na nosa lingua **Fortuny**, a ferramenta informática que emprega o Ministerio Fiscal. Só o programa **Inforeg**, que se utiliza nos xulgados de paz e rexistros cívís, foi completamente traducido tanto na interface coma na documentación. Con todo, quedou sen explotar a súa capacidade normalizadora con accións que favorecesen o uso preferente da versión en galego e, desta maneira, rachar coa inercia do traballo en castelán.

A necesidade de intervir na Administración de xustiza galega



Logo de máis de 35 anos desde a aprobación da Lei de normalización lingüística e cunha porcentaxe de emprego da nosa lingua claramente insatisfactoria neste ámbito, parece necesario intervir con **estratexias mellor planificadas e complementarias entre si**. Ata agora, fornecéronse recursos útiles (no campo da formación, da elaboración terminolóxica, do asesoramento lingüístico),

pero estes perden a súa eficacia por quedaren aspectos básicos sen abordar nin solucionar, o que é

¹ As últimas campañas deste tipo foron desenvolvidas polo Colexio de Avogados de Santiago de Compostela entre 2007 e 2009: *Fai xustiza coa lingua*, *Avogamos polo galego* e *Xustamente, en galego*.

² Estes departamentos creáronse entre 1989 e 1993 e consolidáronse no ano 2002, cando pasaron a formar parte da relación de postos de traballo da Consellería de Xustiza.

³ Colección de vocabularios asociada á campaña *Témoslle lei* (<https://i.gal/68240>), que abrangue un plan específico para aumentar a presenza da lingua galega na Facultade de Dereito, especialmente na docencia.

⁴ Na colección “Profesionaliza a túa lingua” (<https://i.gal/dCPTM>).

⁵ A intranet da Administración de xustiza galega si dispón dalgúns textos legislativos estatais en versión consolidada, mais aínda non están dispoñibles fóra desta rede interna.



sintomático dunha falta de planificación das medidas adoptadas.

O **recurso máis demandado** polos operadores xurídicos é un **programa de tramitación que permita traballar en galego** polo menos coas mesmas facilidades con que o funcionariado realiza o seu labor en castelán⁶. Nin Minerva NOX nin Fortuny teñen modelos de documentos en galego e a única maneira de introducir textos na nosa lingua nestas aplicacións informáticas é mediante tácticas rudimentarias que implican unha carga extra de traballo para o persoal da Administración de xustiza. Sen facilidades para traballar en galego, os cursos de lingua e de linguaxe xurídica non chegan a repercutir nun maior uso do noso idioma na Administración de xustiza, pois o alumnado carece de oportunidades para utilizar eses coñecementos no labor cotián. Tampouco teñen o impacto esperado os recursos terminolóxicos existentes ou a lexislación dispoñible en lingua galega: a ausencia de inercias de traballo en galego condénanos ao descoñecemento ou á irrelevancia.

O Plan xeral de normalización da lingua galega

A pesar de non haber unha planificación clara á hora de abordar desde a Administración autonómica a extensión do uso e do prestixio da lingua no eido xudicial, si contamos deste hai case 15 anos cun documento base para actuar de forma planificada: o **Plan xeral de normalización da lingua galega (PXNLG)**, aprobado no Parlamento de Galicia o 22 de setembro de 2004 e cuxas principais medidas para o ámbito xudicial aínda non foron executadas. Este documento marco para a planificación lingüística desagrega a intervención en **tres sectores transversais** (dereitos lingüísticos, novas tecnoloxías e implementación do corpus) e en varios **sectores verticais**, dos cales o primeiro é a Administración. Dentro deste, delimitase en terceiro lugar a **área específica da Administración de xustiza**.

Os **obxectivos xerais** establecidos no PXNLG **para a área da Administración de xustiza** son:

- Conseguir que a todo cidadán se lle ofrezca

.....

⁶ Sería recomendable que os programas en galego tivesen un plus de calidade (máis sinxelos, claros e fáciles de manexar, con mellores formularios, cun funcionamento máis seguro), pois poderían favorecer que o funcionariado optase pola versión en galego por defecto e aumentar a visibilidade da lingua no traballo cotián.

a **opción a ser atendido en galego** e, se o desexar, **que todas e cada unha das partes do proceso se desenvolvan nesta lingua**.

- Garantirles a **capacitación lingüística** a todas as persoas que traballan na Administración de xustiza, de xeito que ao cidadán lle sexa doado exercer os seus dereitos lingüísticos.
- Propiciar o mesmo espírito de respecto á opción lingüística dos cidadáns por parte dos membros dos colexios oficiais de notarios e avogados no exercicio das súas funcións.

Así mesmo, son **obxectivos específicos** que fixa o PXNLG:

- Introducir **o galego como lingua normal de traballo da Administración de xustiza** en Galicia.
- **Mellorar a disposición dos funcionarios cara ao uso do galego**, así como a súa capacitación.
- **Actualizar os recursos técnicos** para facilitar o traballo en galego dos funcionarios.
- **Eliminar calquera traba** para exercer con naturalidade o dereito lingüístico por parte dos cidadáns.

Finalmente, para acadar estes obxectivos, no PXNLG propónse as seguintes **medidas**:

1. **Elaborar un programa de normalización específico**, en colaboración co Ministerio de Xustiza, e establecer un órgano de referencia.
2. Establecer **normas xerais e uniformes sobre capacidade lingüística** esixible nos procesos de acceso á función xudicial e no desempeño desta función.
3. Establecer **programas de formación** nos que se incorpore a capacitación lingüística, a cultura galega e o réxime xurídico do uso das linguas.
4. Fomentar o uso do galego por medio de **medidas de promoción profesional e prestixio** dos funcionarios que a vaian usando.
5. Verter ao galego os **programas informáticos de xestión** e os **formularios de uso cotián** e **garantir a súa presenza en todos os órganos xudiciais de Galicia**.
6. **Elaborar materiais terminolóxicos** por medio de convenios de colaboración con servizos, empresas ou organismos especializados e establecemento de circuitos para difundilos.
7. Favorecer a implantación do galego na docencia universitaria de 1º e 2º ciclo de Dereito, así como o uso na formación continuada non universitaria.



8. Diseñar **campañas de información sobre os dereitos lingüísticos** dos cidadás nas súas relacións coa Administración de xustiza.
9. Establecer que nos tribunais de xustiza, antes do inicio de calquera procedemento, se pregunte de oficio cal é a **lingua habitual do cidadán** e que esa sexa a **lingua de toda a actuación**, tanto oral coma documental.

De todas estas medidas, ata agora só se levaron a cabo con éxito relativo a terceira (capacitación lingüística) e a sexta (materiais terminolóxicos, lexislación en galego), alén de colaboracións puntuais da Administración autonómica e as universidades para mellorar a situación da lingua no currículo das facultades de dereito, o que corresponde á medida sétima. Porén, están pendentes as medidas que complementan as anteriores, que ademais deben estar inseridas nunha **planificación coherente e**

progresiva que permita romper coas inercias de traballo en castelán e asentar modelos facilitadores do exercicio profesional en galego.

De feito, esta planificación está xa prevista na primeira medida do PXNLG: a elaboración dun **programa de normalización específico para este ámbito**, tendo en conta a todos os operadores xurídicos e involucrando o Ministerio de Xustiza. Coherentemente, as características da Administración de xustiza fan imprescindible a implicación e a colaboración da Administración do Estado, que debe axudar a Administración autonómica no exercicio das competencias en política lingüística, eliminando obstáculos e abordando a regulación dos usos lingüísticos desde unha perspectiva de **respecto e garantía da pluralidade lingüística**. Nese programa pendente de elaborar deberán estar todas as medidas do PXNLG que aínda botamos en falta (programas informáticos, regulación de perfís e usos lingüísticos, promoción do coñecemento e do exercicio dos dereitos lingüísticos) e outras que conxuntamente acorden os operadores xurídicos co obxectivo de mellorar o uso e o prestixio do galego nos nosos xulgados e tribunais.

En definitiva, é tempo de comezar a traballar de forma máis planificada no ámbito da xustiza se queremos que os avances non sexan só responsabilidade dun número de persoas esforzadas e comprometidas coa lingua, senón o froito colectivo da colaboración entre as administracións e os operadores xurídicos.

Anxos Sobriño Pérez

Lingüista na Audiencia Provincial de Pontevedra

**As partes...
constitúense ou
persónanse?**

Toma nota!

En galego non existe a forma **personarse* (cast.), xa que logo, empregaremos outras solucións léxicas en función dos contextos posibles.

Co significado xeral de ‘aparecer nun lugar ou perante alguén’, dispoñemos dos verbos **presentarse ou comparecer**.

“***Personouse** no despacho para recibir asesoramento xurídico.”

“**Presentouse/Compareceu** no despacho para recibir asesoramento xurídico.”

No eido do dereito procesual, co significado ‘converterse en parte nun procedemento xudicial’, en galego úsase o termo **constituírse en parte**.

“A citación dos interesados que estean xa **constituídos en parte** nas actuacións farase por medio do procurador. Os que non estean **constituídos en parte** serán citados persoalmente, se a súa residencia é coñecida. Se non o é, serán chamados por edictos, conforme o disposto no artigo 164.” (Artigo 783.3 da LAC, en suplemento do BOE en galego núm. 2 do 05.02.2000)

O COLEXIO NOS MEDIOS





MUTUALIDAD ABOGACÍA

EL APOYO NECESARIO EN LOS MOMENTOS DIFÍCILES

NUEVO SERVICIO

**Atención familiar
por defunción**

Con anticipo de gastos de sepelio,
para que tu familia no tenga
que preocuparse de nada.

Solicítalo*

www.mutualidadabogacia.com
sam@mutualidadabogacia.com | T. 914 35 24 86

*Para poder solicitar este servicio, es necesario disponer de un saldo o prestación por fallecimiento de 7.000 €. Así pues, el sepelio se cubre con las propias prestaciones que el mutualista ya tiene vinculadas, hasta un máximo de 6.000 €. Tan solo se cargará al saldo del mutualista 0,70 € al mes correspondientes a la garantía de traslado de restos mortales.